

**A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca 682 prazas para realizar actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado no ano 2017.****Destinatarios:**

Alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral, na Comunidade Autónoma Galega, de:

- 1º, 2º, 3º e 4º ESO.
- 1º e 2º Bacharelato.

Requisitos:

- Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2016-2017, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/a nalgunha prohibición para a subvención.
- Nota mínima na área ou materia de lingua inglesa de Ben ou 6, curso 2015-2016.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2015/2016.
- Ter DNI (excepto menores de 14 anos), ou NIE en vigor, segundo corresponda.

	MODALIDADE	DURACIÓN	RÉXIME ALOXAMENTO	Nº PRAZAS	CUSTO POR PRAZA (€)	Achega das familias (€)			
						GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
2º BACHARELATO	Inglés en Galcia	1 semana	Residencia	33	800	100	180	300	350
1º BACHARELATO	Inglés en Galcia	1 semana	Residencia	59	800	100	180	300	350
4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	Inglés en Galcia	2 semanas	Residencia	90	550	70	125	220	275
3º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	Inglés en Galcia	2 semanas	Residencia	120	550	70	125	220	275
2º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	Inglés en Galcia	2 semanas	Residencia	190	550	70	125	220	275
1º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	Inglés en Galcia	2 semanas	Residencia	190	550	70	125	220	275
				Total prazas:	682				

Prazo aberto do 28 de febreiro ata o 27 de marzo (ambos incluídos)

1º DOCUMENTACIÓN QUE TERÁ QUE PRESENTAR

- Anexo I. Ten que estar asinado polo pai/nai ou titor/titora ou polo/a alumno/a, no caso de ter a maioría de idade.
 - Anexo II. As autorizacións teñen que estar asinadas polo pai/nai ou titor/a que non asinase o Anexo I e, no seu caso, pola persoa que da que se alegue no Anexo I discapacidade ou pensionista de grande invalidez, cando esta sexa maior de idade e persoa diferente á que asinou o Anexo I.
 - Notas Anexo II:
 - ✓ No caso de familias nas que conviva co alumnado un só proxenitor/titor, a solicitude acompañarase da xustificación documental das circunstancias alegadas no anexo I (alegacións circunstancias familiares).
 - ✓ Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer das informacións referidas neste Anexo, non se lles existirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polas Administracións correspondentes.
 - ✓ No caso de non asinarse algunha autorización, deberá presentarse a documentación correspondente (copia do documento de identidade, certificación de ingresos do ano 2015, certificación de estar ao día de pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para subvencións e axudas, certificación de non ter débedas coa Seguridade Social, certificación de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia, certificación de discapacidade ou certificación de pensionista de grande invalidez, segundo o caso).
 - Certificación de matrícula do curso 2016-2017 e académica do curso 2015-2016, con cualificacións e media, tal como indica o punto 1. do Artigo 6º da Orde de convocatoria.
 - Fotocopia de todas as follas cubertas do libro de familia.
 - Fotocopias dos documentos de identidade das persoas que non outorguen autorización para a verificación de identidade (no Anexo I e/ou no Anexo II).
 - Alegacións incluídas no Anexo I, referidas ao Anexo V (puntos 3º e 4º):
 - ✓ Certificado de discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora, ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas, ou certificación de pensionista de grande invalidez, que deberán acreditarse só no caso de non autorizar a súa consulta (Anexo II) ou de ser expedidos por outra Comunidade Autónoma.
 - ✓ Certificado de familia numerosa, só no caso de non autorizar a súa consulta ou cando sexa emitido por outra Comunidade Autónoma.
- Na medida en que a través do sistema de autorizacións a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer destas informacións, non se lles existirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polas Administracións correspondentes.

2º PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (2 MANEIRAS)**2º.1. A través da Sede Electrónica:**

Será necesario dispor de calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia ou Chave365.

1. Entrarase ao formulario normalizado a través da opción do menú "2. Solicitar axuda"
2. Cebra o formulario normalizado e, unha vez cuberto, seleccione a opción "presentación telemática en sede electrónica"
3. Deberase remitir como documento adxunto o anexo II para o cal, tras imprimir este anexo (dende a sección "Anexos asociados" da Sede Electrónica), cubrir e asinar o citado anexo, deberá converterse a formato pdf antes da súa remisión.
4. Na opción de presentación telemática, a solicitude só se considerará presentada a través da súa sinatura na Sede Electrónica (sede.xunta.gal).

2º.2. En soporte papel:

1. Imprima e cubra o formulario normalizado e os anexos, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> (forma de tramitación "presencial")
2. Presente a solicitude, os anexos e o resto da documentación (certificación de matrícula, académica, etc. -ver o punto 1º-) nun rexistro oficial ou envíeas a través de Correos (sobre aberto para que o/a funcionario/a de Correos sele a solicitude).

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Edif. Administrativo de San Caetano s/n
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Para esta forma de presentación, pode axudarse empregando a aplicación dispoñible na web do programa:

1. Entre na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>
2. Entre na sección "2. Solicitar axuda" e cubra o formulario.
3. Grave o formulario ("imprimir para entrega por Rexistro Oficial") abranrase DOUS documentos independentes en formato de Adobe Acrobat (*.pdf), correspondente aos anexos I e II, que a/s persoa/s interesada/s deberá/n imprimir e asinar antes da súa remisión co resto da documentación. A solicitude e o anexo II teñen que ser asinados nos espazos indicados a tal fin. Despois deberá remitir os orixinais.
4. Presente a solicitude, anexos e o resto da documentación -ver o punto 1º- nun rexistro oficial ou envíeas a través de Correos (sobre aberto para que o/a funcionario/a de Correos sele a solicitude).

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Edif. Administrativo de San Caetano s/n. 15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)

3º PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS, REQUIRIMENTOS DE EMENDA E EXCLUIDOS

- Comprobe periodicamente, na páxina web do programa, o estado da súa solicitude na sección "3. Estado solicitude".
- Unha vez finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, publicaranse as primeiras listaxes. Haberá un prazo de 10 días naturais, despois desta publicación, para emendar erros e presentar a documentación requirida, que poderá consultarse, mediante identificación do NIF/NIE, na web da convocatoria. De non presentar a dita documentación, poderá supoñer a exclusión do proceso de selección ou non ter en conta as condicións alegadas e non xustificadas.

4º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS

- Comprobe na web <http://www.edu.xunta.es/axudasle> que estea nas listaxes. Estarán ordenadas por puntuación para cada un dos cursos.
- Abrirase un prazo de 10 días naturais para formular reclamacións.

5º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS

- No caso de estar na listaxe de seleccionados terá que enviar nun prazo de 5 días naturais a seguinte documentación:
 1. Aceptación ou renuncia á axuda segundo o anexo III.
 2. Xustificante bancario do pago á empresa adjudicataria.

- Deberá enviála ao enderezo:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Edif. Administrativo de San Caetano s/n
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Non realizar o pagamento da achega familiar no prazo indicado, implica que renuncia á axuda.

NOTA ACLARATORIA Á ACEPTACIÓN DA AXUDA

- Unha vez aceptada a axuda (pago da achega familiar), a renuncia posterior implicará pagar o importe total do custo da actividade, como se establece no artigo 15 da Orde de convocatoria.
- No caso de abandono do programa sen rematalo, deberá facerse cargo do pagamento dos gastos ocasionados (regreso e custo total da actividade).
- No caso de expulsión do programa, deberá facerse cargo do pagamento do importe de regreso e do custo total da actividade e, de ser o caso, dos gastos ocasionados pola expulsión.

CONSULTAS

Web da convocatoria: <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

Enderezo electrónico: axudasle@edu.xunta.es

Atención telefónica: 981957296 - 981546544 - 881997497 - 981597538 - 981546503